



## ORDE DA CONSELLERÍA DE FACENDA E ADMINISTRACIÓN PÚBLICA POLA QUE SE ACORDA DECLARAR DESERTO O CONCURSO PARA A COMPRA DUN INMOBLE NO CONCELLO DE VIGO PARA OFICINA DE EMPREGO SOLICITADO POLA CONSELLERÍA DE EMPREGO E IGUALDADE

Por resolución do 3 de novembro de 2022 da Consellería de Facenda e Administración Pública acordouse aprobar o expediente para a adquisición dun inmovible no concello de Vigo, para oficina de emprego, polo procedemento de concurso público.

Con data 11 de novembro de 2022 anunciouse no DOG nº 215 e no diario El Faro de Vigo o mencionado concurso. Dentro do prazo outorgado non se presentaron propostas.

Na reunión da mesa de contratación do día 20 de decembro de 2022, acordouse propoñer declarar deserto o concurso levantándose a oportuna acta.

Visto o informe da Subdirección Xeral do Patrimonio e de conformidade co disposto no artigo 50 da Lei 5/2011, do 30 de setembro, de patrimonio da Comunidade Autónoma de Galicia e 45.3 do Decreto 50/1989, polo que se aprobou o Regulamento para a execución da Lei, e trala proposta da Secretaría Xeral Técnica e do Patrimonio,

RESOLVO:

### Primeiro

Declarar deserto o contrato de compravenda dun inmovible no concello de Vigo para oficina de emprego.

### Segundo

Contra esta resolución, que pon fin á vía administrativa, poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de un mes ante o Conselleiro de Facenda e Administración Pública nos termos establecidos na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, ou ser impugnada directamente no prazo de dous meses, ante a Sala do Contencioso-administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia.

Santiago de Compostela, na data da súa sinatura dixital  
O conselleiro de Facenda e Administración Pública  
O secretario xeral técnico e do Patrimonio  
(P.D. Orde do 15/12/2021, DOG do 24)  
Jorge Atán Castro

